



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Renda e Exaccións

*Padrón provisional da taxa pola ocupación da vía pública con postos da feira correspondente ao exercicio 2026.- O.F. n°28*

##### EDICTO

Por Resolución da Alcaldía de data **20 de abril de 2026** e con número **967**, acordouse:

**“PRIMEIRO:** Aproba-lo padrón da taxa **pola ocupación da vía pública con postos da Feira**, correspondente ó período impositivo do **exercicio 2026** (ordenanza fiscal nº 28), no que constan **88** recibos por un importe de **NOVE MIL CENTO DOUS EUROS E SESENTA CENTIMOS (9.102,60€)**, que comeza por **ABELENDIA REINO, MARIA ESTHER** e remata por **VIÑA PUÑAL, MARÍA ELENA**.

**SEGUNDO:** Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**TERCEIRO:** Contra as liquidacións incorporadas ó Padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.”

Arteixo, 21 de abril de 2026.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López  
(CONCELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA).

2026/2557